



Compostela, 11 de outubro. Cos votos do PP o legislativo galego vén de refrendar o caótico urbanismo de Barreiros, rexeitando unha proposición non de lei que instaba á Xunta a denunciar o convenio para legalizar milleiros de vivendas ilegais e investir 14 millóns de € dos cartos públicos en tapar os buratos das construtoras. Isto significa que tras a retirada por parte de Feijóo dos recursos contra as licenzas ilegais outorgadas polo concello de Barreiros en 2006 e a aprobación por parte a Xunta do Plano Sectorial para legalizar os chanchullos, a lexislación urbanística galega fica baleira de contido e pasa a ser substituída pola arbitrariedade do Sr. Conselleiro. Este é o **"urbanismo real"** de Hernández: **inseguridade xurídica, arbitrariedade, desfeita ambiental e corrupción.**



Deste xeito, calquera concello ou promotor que queira construír alí onde lle pete, dependendo da súa cor política, sabe que se non pode facelo coa Lei do Solo na man, sempre pode acudir ás súas amizades na Xunta para que aproben un Plano Sectorial de incidencia supramunicipal (aunque sexa para un só concello, como o caso de Barreiros) e, caso de non haber cartos, un convenio urbanístico á medida para que os promotores pon teñan que poñer un can.

Esta nova vía aberta pola Xunta na xestión do territorio deixa baleira de contido toda a lexislación urbanística previa substituíndoa pola arbitrariedade e a discrecionalidade do Conselleiro. É o "urbanismo real" que invocaba o Sr. Hernández para solucionar os "problemas" do urbanismo legal: as leis e normas teñen o feo vicio de limitar e prohibir a política dos feitos consumados, do "ti vai facendo", tan cara para moitos concellos galegos.



No debate parlamentar da proposición non de lei, evidenciouse tamén o enorme cinismo do grupo parlamentar maioritario: o voceiro do PP encargado de defender o indefendíbel, o Sr. Balseiro Orol, foi un dos responsábeis sendo concelleiro en Cervo dun dos atendados patrimoniais máis bárbaros xamais acontecidos en Galiza: a desfeita do [castro da Atalaia](#) . Con semellantes valedores, o noso patrimonio e o noso territorio corren grave perigo porque as leis que os defenden non son máis que papel mollado.

Conscientes de que un dos poucos camiños que quedan para revertir esta desfeita é a Xustiza, facemos un chamado aos xuíces e xuízas para que sexan rigorosos na interpretación das leis e normas que ordenan o noso territorio e non se deixen influenciar polas presións políticas que pretenden instaurar a ditadura dos feitos consumados.

PROMOCIÓN **FEIJÓO & HERNÁNDEZ**



URBANISMO REAL P DESENVOLVIMENTO PARA O NOSO TERRITORIO